

## *Shakespeare Destilado.* Xesús Constela

Xesús Constela revelou-se no panorama das letras galegas con *As humanas proporcións*, (2003) un libro de relatos que lle valeu o Torrente Ballester e que amosaba o talento dun escritor que fundía no seu estilo unha imaxinación desbordante e unha técnica depurada. *Libro das alquimias* (2007), dirixido ao lectores novos, confirmou que Constela non transitaba polos vicios da compracencia senón por esa dimensión que se estende ao outro lado e que moi poucos chegan, mesmo, a intuír. O seu regreso á novela de adultos titúlase *Shakespeare destilado*, editouna Galaxia e con ela gañou o García Barros. Ironía e humor son os dous ingredientes sobre os que constrúe esta narración en primeira persoa –Willy, chámase o personaxe, bebedor ansioso e construtor obsesionado de maquetas– cunha forte impronta coloquial, fluída na súa lectura e envolvente na espiral continua das súas historias, enlazadas polos sonetos de Shakespeare. Mestra no ritmo, habilidosa na súa trama, sorprendente no desenlace e, sobre todo, moi divertida, a novela devólvenos o sabor agri doce da intelixencia.

